

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15020911	CPI Plurilingüe de Vedra	Vedra	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	1º Pri.	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

## 1. Introdución

Esta programación didáctica está pensada para o primeiro curso da etapa de Educación Primaria do CPI Plurilingüe de Vedra, a cal vai ser levada a cabo dende a área de Ciencias da Natureza. Trátase dun centro de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, que escolariza alumnos/as pertencentes na súa maioría ao concello de Vedra aínda que unha parte do alumnado procede dos concellos limítrofes de Boqueixón e Teo. O colexio está situado nunha zona rural, o cal nos permite aproveitar unha gran cantidade de recursos para traballar de forma interdisciplinaria os catro bloques de contidos que forman a materia, o bloque número 1, "Cultura Científica"; o bloque número 2, "A vida no noso planeta"; o bloque número 3, "Materias, forzas e enerxía"; e o bloque número 4, "Tecnoloxía e dixitalización". Algúns destes recursos son propios do centro como a horta escolar e outros están moi próximos como unha fervenza, o Camiño de Santiago... Este centro é de liña dous, é dicir, conta con 12 unidades de educación primaria, sendo dúas destas as de primeiro de educación primaria, curso para o cal se deseñou esta programación.

No presente curso escolar o alumnado deste nivel educativo está repartido en dous grupos: 1ºA, con 14 alumnos/as e 1ºB con 13 alumnos/as. Incorpóranse seis alumnos/as novos procedentes doutros centros, os cales foron repartidos en ambas aulas. Hai que destacar que nesta programación se recollen medidas específicas para a atención á diversidade. A lingua predominante entre o alumnado é o galego, presentando as familias un nivel socioeconómico medio.

Nesta programación reflectiranse os obxectivos e competencias a acadar; unidades didácticas; metodoloxía; avaliación; a atención á diversidade; elementos transversais e a práctica docente.

No que respecta a área de Ciencias da Natureza, o alumnado adquirirá conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía; o respecto cara aos seres vivos e a súa contorna a favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, así como o funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional. Por outra banda, o avance das tecnoloxías e a súa influencia na vida cotiá, fai preciso que o alumnado coñeza as tecnoloxías que o rodea e faga un uso seguro, eficaz e responsable das mesmas.

Todo isto levarase a cabo nas diferentes unidades didácticas que conforman esta programación, as cales foron elaboradas atendendo ao Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	MIRA COMO SON	Nesta unidade iníciase o estudio do corpo humano. Veremos as partes externas que o forman: cabeza, tronco e extremidades, e os trazos físicos que as identifican. Ademais, traballaranse os cinco sentidos e tamén aprenderán a identificar e a expresar algunas emocións, como a alegría, a tristeza ou o medo.	20	13	X		
2	ASÍ FUNCIONAMOS	Nesta unidade continúase co estudio do corpo humano. Estúdanse os principais ósos que componen o esqueleto e os músculos más importantes. A continuación avántzase cara o estudio do interior do corpo humano, concretamente, dalgúns órganos internos, como o corazón, o cerebro ou pulmóns. Ademais, os alumnos coñecerán os principais hábitos saudables que deben poñer en práctica a diario e serán capaces de clasificar os diferentes tipos de alimentos segundo a frecuencia coa que se	20	20	X		

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesiones</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
2	ASÍ FUNCIONAMOS	deben tomar, para levar unha alimentación sá e saudable.	20	20	X		
3	A NOSA CONTORNA	O punto de partida son os seres vivos que coñecen, diferenciánndoos dos seres inertes e as relacóns que se establecen no medio entre seres humanos, animais e plantas.	15	16		X	
4	CANTOS ANIMAIS	Nesta unidade afondarase no coñecemento dos animais . Os alumnos aprenderán a distinguir como está recuberto o corpo dos animais, como se desprazan, e tamén aprenderán a clasificálos segundo o seu nacemento, a súa alimentación ou se son domésticos ou salvaxes e se son vertebrados ou invertebrados.	15	19		X	
5	RODEADOS DE PLANTAS	O coñecemento das plantas é a parte máis importante desta unidade. Traballaranse os diferentes tipos de plantas, o seu coidado e características.	15	19			X
6	COMO FUNCIONA?	Os diferentes tipos de materiais e as máquinas e aparellos serán o eixe fundamental da unidade. O alumnado coñecerá a orixe dos diferentes materiais e o seu uso e conservación, así como a identificación das partes e o funcionamento das máquinas.	15	18			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	MIRA COMO SON	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacóns relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos sinxelos.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Recoñecer hábitos de vida saudables, valorando a importancia dunha alimentación variada, equilibrada e sustentable, a hixiene, o exercicio físico, o contacto coa natureza, o descanso e o uso adecuado das tecnoloxías.	Recoñecer hábitos de vida saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso axeitado.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer as principais partes do corpo.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Hábitos saudables relacionados co benestar físico do ser humano: hixiene, alimentación variada, equilibrada e sustentable, exercicio físico, contacto coa natureza, descanso e coidado do corpo como medio para previr posibles enfermidades.</li> <li>- Identificación e descripción das partes do corpo humano.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	ASÍ FUNCIONAMOS	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.5 - Coñecer as principais partes do corpo, identificando os órganos implicados na realización das funcións vitais.	Coñecer os órganos más importantes.		
CA2.6 - Distinguir accións que favorezan o benestar emocional e social reconéctandoo as emocións propias e as dos demás e identificando as relacións familiares e escolares ás que pertence.	Identificar as emocións propias e as dos demás.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Coñecemento e experimentación cos órganos dos sentidos para relacionarse coa súa contorna.
- Hábitos saudables relacionados co benestar emocional e social: identificación e verbalización das propias emocións e respecto polas dos demais.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Recursos dixitais para comunicarse con persoas coñecidas en contornas coñecidas e seguros.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
  - Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
  - Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

UD	Título da UD	Duración
3	A NOSA CONTORNA	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións sobre obxectos, feitos e fenómenos próximos a través da observación.	Formular preguntas sobre feitos e fenómenos próximos a través da observación.	TI	100
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizando en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.		
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándos dos seres inertes.		
CA2.2 - Recoñecer conexións sinxelas e directas entre diferentes elementos do medio natural por medio da observación, a manipulación e a experimentación.	Recoñecer conexións entre os seres vivos do seu entorno.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respeto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosar hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación ao coñecemento científico presente na vida cotiá tendo en conta a importancia do coidado do planeta.</li> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Necesidades básicas dos seres vivos e a diferenza cos obxectos inertes.</li> <li>- As relacións entre os seres humanos, os animais e as plantas.</li> <li>- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	CANTOS ANIMAIS	19

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características e a organización dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoos dos seres inertes.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respecto para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respecto cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un producto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.
- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	RODEADOS DE PLANTAS	19

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA2.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as características dos seres vivos do seu entorno, diferenciándoo dos seres inertes.		
CA2.3 - Mostrar actitudes de respeito para o gozo da natureza, recoñecéndoa como un ben común.	Mostrar actitudes de respeito cara a natureza.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un producto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> <li>- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.</li> <li>- Observación e identificación de animais e plantas da súa contorna a partir das súas características observables.</li> <li>- Coidado e respecto cara aos seres vivos e a contorna no que viven.</li> <li>- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:</li> <li>- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.</li> <li>- Proxectos de deseño e pensamento computacional:</li> <li>- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.</li> <li>- Estratexias básicas de traballo en equipo.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	COMO FUNCIONA?	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Buscar información sinxela de diferentes fontes seguras e fiables de forma guiada, utilizando-a en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información de forma guiada para as súas investigacións.	TI	100
CA1.3 - Participar en experimentos guiados, de maneira individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación, empregando instrumentos de forma segura e rexistrando datos de maneira sinxela.	Participar en experimentos de maneira guiada, empregando instrumentos de forma segura.		
CA1.4 - Comunicar de forma oral ou gráfica o resultado das investigacións con axuda dun guión, comparando a información e resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar os resultados das investigacións realizadas con axuda dun guión.		
CA3.1 - Recoñecer as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación e utilizando as ferramentas e procesos adecuados de forma pautada.	Recoñecer as propiedades e características dos materiais que forman os obxectos da súa vida cotiá.		
CA3.2 - Analizar o efecto das forzas sobre determinados obxectos de uso común realizando experiencias sinxelas con máquinas e aparellos.	Identificar o uso de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.		
CA3.3 - Mostrar hábitos de vida sustentable e tomar conciencia da importancia do respecto, dos coidados e da protección do planeta, identificando a relación da vida das persoas coas súas accións sobre os elementos e recursos do medio.	Amosa hábitos de vida sustentable, tomando conciencia do impacto das súas accións sobre o medio natural.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura.	Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura.		
CA4.2 - Realizar, de forma guiada, un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos e utilizando de forma segura os materiais adecuados.	Realizar un proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.		
CA4.3 - Participar na resolución guiada de problemas sinxelos de programación utilizando o pensamento computacional.	Realizar programacións a través de robots educativos e aplicacións sinxelas de programación.		
CA4.4 - Traballar de forma cooperativa respectando as normas básicas de convivencia.	Traballar en equipo respectando as normas de convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fomento da curiosidade e da iniciativa na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipótese.</li> <li>- Iniciación ás técnicas de indagación, de maneira individual ou en equipo, adecuadas ás necesidades da investigación.</li> <li>- Realización de experimentos sinxelos utilizando o método científico de forma guiada.</li> <li>- Uso de instrumentos para realizar observacións e medicións sinxelas rexistrando os datos obtidos.</li> <li>- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.</li> </ul>

## Contidos

- Elaboración guiada de textos básicos, murais, paneis, esquemas ou presentacións para recoller conclusións.
- Tipos de materiais segundo a súa orixe.
- Propiedades observables dos materiais (cor, dureza, cheiro, sabor e textura) e o seu uso en obxectos da vida cotiá.
- Cambios observables na materia a través da súa experimentación.
- Observación e identificación de máquinas e aparellos na súa vida cotiá.
- Uso responsable dos materiais: reducir, reutilizar e reciclar.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Identificación de dispositivos e recursos da contorna dixital de aprendizaxe segundo o contexto educativo.
- Coñecemento dos componentes básicos dun computador.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e manipulación de materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a montaxe dun proxecto sinxelo relacionado coa vida cotiá.
- Iniciación á programación adaptándose ao nivel de comprensión e á súa manipulación (plataformas dixitais de iniciación á programación, robótica educativa).
- Estratexias básicas de traballo en equipo.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Á hora de seleccionar a metodoloxía que debemos empregar na aula debemos ter moi claro as características do alumnado para o cal vai dirixida. Para iso, nesta área, fomentaremos unha aprendizaxe competencial, vivencial e manipulativa, buscando en todo momento a interdisciplinariedade e abordando os diferentes elementos transversais. Para iso, dende a área de Ciencias da Natureza, as actividades a realizar con máis frecuencia son:

- Lectura comentada en voz alta na clase (a medida que avance o curso e se adentren na adquisición da lectura podrán facer pequenas lecturas en voz baixa). Neste momento explícanse os conceptos novos, explicitanse exemplos o más accesibles posible á realidade do alumnado (do entorno, das noticias...) e acláransen as posibles dúbidas.
- Visionado de vídeos, gráficos, imaxes... na PDI da aula relacionados co tema. A finalidade é clarificar conceptos, ampliar contidos e espertar a curiosidade do alumnado. Tamén axudar ao alumnado a percibir de xeito concreto conceptos que quizásperciba como moi abstractos.
- Realización de actividades no caderno que amosen a comprensión real dos conceptos. Neste nivel contamos cos libros globalizados de Santillana. Ademais resumiremos os contidos a través da realización de lapbooks e flipbooks: sobre o corpo humano no primeiro trimestres, os distintos tipos de animais no segundo....
- Realización de actividades prácticas que reflexen os contidos a asimilar: xogos de identificar as diferentes partes do corpo humano, crebacabezas...
- Actividades que partan da observación e experimentación, traballando o método científico a través de diversas investigacións e traballos, desenvolvendo estruturas de aprendizaxe cooperativo. Ao longo da unidade 2 experimentaremos cos órganos do sentidos para que o alumnado poida comprender mellor como nos relacionamos co medio que nos rodea.
- Tarefas de aprendizaxe integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio,

resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, xogos educativos...) nas que o alumnado avance no desempeño das súas competencias. Ao longo da unidade 1, traballaremos as principais partes do corpo humano e os hábitos saudables relacionados co benestar físico. Para traballar este contido, por equipos, realizarán a súa silueta no chan, sinalarán as partes do corpo e despois terán que completar a silueta debuxando unha persoa. Ademais, realizaremos xogos de rol para identificar emocións e na asemblea e compartiremos accións que favorezan o benestar físico e emocional.

--- Creación de recunchos na clase como é o da reciclaxe e uso da contorna e dos espacios do coleixio, como por exemplo, o horto escolar.

Para levar a cabo estas actividades:

-Partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Durante este primeiro curso da etapa o alumnado debe acceder ó coñecemento partindo dos seus centros de interese e da súa contorna máis próxima.

-As explicacións do docente serán moi visuais polo que irán acompañadas de imaxes, vídeos e maquetas.

-Utilizaremos unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de pequenos experimentos.

-Realizaremos prácticas de traballo individual e en equipo, favorecendo a inclusión de todo o alumnado a través do traballo cooperativo na resolución conxunta de proxectos e tarefas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos persoais: profesorado de apoio, o tutor e a PT.
Recursos materiais: materiais para maquetas, flipbooks e lapbooks.
Recursos tecnolóxicos: PDI, tablets...
Recursos dixitais
Recursos espaciais: o nosa horta e os arredores do coleixio

**RECURSOS PERSOAIS:** Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado tutor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, mestres especialistas, profesorado de apoio etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias, o E.O.E. e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden na nosa labor como docentes.

**RECURSOS MATERIAIS:** Son a base para a aprendizaxe vivencial, a realización de proxectos e o traballo a través do método científico. Entre os materiais pódense destacar: material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinhas...). Non debemos esquecernos que nesta área serán fundamentais os esquemas e resumos que este ano faremos a través de maquetas, lapbooks e flipbooks.

**RECURSOS TECNOLÓXICOS:** ordenadores, pizarras dixitais, proxectores, tablets, etc.

**RECURSOS DIXITAIS:** vídeos educativos (Smile and Lear, Happy Learning...) libros dixitais, actividades con realidade aumentada , kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

**RECURSOS ESPACIAIS:** a propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo. Pero nesta área serán fundamentais a horta do colexio e as zonas verdes dos arredores.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial levarase a cabo ao comezo do curso, na segunda semana aproximadamente, así como ao comezo de cada unidade didáctica. Estas avaliaciós realizaranse do seguinte xeito:

1. O primeiro que teremos que facer detalladamente será unha revisión dos informes do ano anterior, onde se recollerá información dos informes da etapa de educación infantil en canto o desenvolvemento de cada alumno.
2. Datos relevantes que as familias nos poidan aportar, para iso ao longo das primeiras semanas de curso iremos tendo reunións individuais con cada unha delas.

Para a avaliación das competencias e contidos empregaremos os seguintes recursos e actividades:

1. Choiva de ideas, por exemplo, sobre as características básicas dos animais, plantas e do ser humano.
2. Uso de maquetas, como o esqueleto para identificar os diferentes ósos do corpo humano.
3. Xogos como o bingo do corpo humano.
4. Uso de recursos dixitais como Kahoot e Plickers.
5. Asamblea sobre a importancia do coidado do medio ambiente.

Estas son algunas das técnicas que empregaremos para identificar se existen dificultades no grupo-clase ou en determinados alumnos para a elaboración das medidas oportunas tanto a nivel colectivo como individual, permitíndome deste xeito adaptar os contidos e actividades as caraterísticas individuais de cada neno/a, tanto para o seu reforzo como ampliación.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	100	100	100	<b>100</b>

### Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, que nesta área serán as táboas de indicadores.

Dende a necesaria flexibilidade que precisa todo aquilo que é planificado, debe especificarse que a avaliación será susceptible de ser concretada ao longo de cada unidade didáctica na procura de adaptarse dun xeito máis fidedigno e axeitado aos contidos que son desenvolvidos en cada unha, facilitando así a cualificación dos discentes.

Por outra banda, as táboas de indicadores serán rúbricas, listas de cotexo ou escalas de observación entre outros. Estas táboas de indicadores terán a porcentaxe marcada para cada criterio de avaliación en cada unidade. A través destas táboas avaliaranse os criterios de avaliación que se indican, así como o respecto polos compañeiros, a capacidade de seguir uns pasos ou unhas instrucións e o grao de responsabilidade na execución dos proxectos, ademais do traballo no caderno de clase.

Para o cálculo da nota de cada avaliación terase en conta a seguinte fórmula:

NOTA PRIMEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD1 + NOTA UD2) / 2

NOTA SEGUNDA AVALIACIÓN= (NOTA UD3 + NOTA UD4) / 2

NOTA TERCEIRA AVALIACIÓN= (NOTA UD5 + NOTA UD6) / 2

A cualificación da avaliación final da materia calcularase aplicando a seguinte fórmula:

NOTA AVALIACIÓN FINAL: Nota 1<sup>a</sup> avaliación x 0.3 + nota 2<sup>a</sup> avaliación x 0.35 + nota 3<sup>a</sup> avaliación x 0.35

O resultado dos cálculos redondearase cara a unidade seguinte, sempre e cando o número das décimas sexa cinco ou maior que cinco.

#### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que obteña unha valoración negativa nunha unidade ou nun trimestre deberá recuperar a materia realizarando unha serie de tarefas que versarán sobre os contidos traballados que serán entregadas e avaliadas polo profesorado, as cales terán un peso do 100% da cualificación final.

### 6. Medidas de atención á diversidade

En canto ás medidas de atención á diversidade que debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación, teremos por un lado as medidas ordinarias e por outro as medidas extraordinarias, as cales se porán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias.

Así, entre as medidas ordinarias coas que contaremos neste nivel na área de Ciencias Da Natureza destacamos: adecuación dos contidos e tempos ás necesidades do grupo-clase; apoio por parte do profesorado con disponibilidade horaria; un programa de habilidades sociais para traballar e reforzar a autoestima e empatía coa fin de favorecer a unión do grupo e o traballo en equipo; realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais; deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.

En canto ás medidas extraordinarias poderán ser o apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica .

A parte destas medidas ordinarias e extraordinarias será clave nesta área a realización de actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser: o uso do horto escolar, as saídas ó medio natural (ecosistema de praia, de monte, campo), charlas formativas , etc. Tamén será fundamental establecer colaboracións con outras institucións (concello, deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden os materiais aportados por fundacións como a ONCE. Ao igual que a participación en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, como é no caso do noso centro, o de Voz Natura e o de Vexo Vexo Xacobeo

Por último, hai que destacar que nos atopamos nun momento de transición entre a etapa de educación infantil e a etapa de educación primaria, polo que debemos ter en conta esta información á hora de adaptar o proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado.

#### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.2 - A igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.			X	X	X	X
ET.3 - Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción titorial e á educación emocional e en valores.	X	X	X			
ET.4 - A prevención e resolución pacífica de conflitos e o rexeitamento da violencia.	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.	X					
ET.6 - O alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas culturais	No segundo trimestre, dentro do programa Vexo Vexo Xacobeo faremos un tramo do camiño de Santiago.			
Saídas á contorna	Saídas para fomentar a reciclaxe e uso do horto escolar.			
Charlas formativas	Está prevista unha charla sobre os incendios a través do Programa de Voz Natura.			

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Obradoiros	Uso do comedor escolar para fomentar a alimentación saudable.			
Conmemoracións	Recollidas no calendario escolar, como poden ser : Día Mundial da Saúde, do Medio Ambiente, dos Dereitos do Consumidor, Día Internacional da Mullerizç			

### **8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro**

#### **Indicadores de logro**

Funcionalidade da programación.

Coherencia entre os obxectivos e os contidos.

Actividades adecuadas.

Estilo de ensinanza.

Rol do docente.

Temporalización.

Organización dos recursos materiais.

Medidas de atención á diversidade.

Motivación do alumnado.

Procedementos de avaliación.

#### **Descripción:**

Á hora de levar a cabo a avaliação do proceso de ensino e da práctica docente, debemos ter en conta os indicadores de logro especificados anteriormente. Ditos indicadores permítenos coñecer información axeitada da nosa labor docente a través de diferentes instrumentos de avaliação como poden ser: enquisas, listas de control, a memoria da materia ou as actas de avaliação, entre outros.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliação e propostas de mellora**

O seguimento da programación levarase a cabo a través da aplicación PROENS ao finalizar cada unidade didáctica. Ademais, hai que destacar a utilización do diario de clase para o seguimento da actividade lectiva, xa que esta ferramenta permítenos comprobar se o programado inicialmente se desenvolveu sen dificultade ou hai que realizar algunha modificación. As modificacións da programación quedarán reflectidas na memoria, que se realizará a final de curso e servirá como proposta de mellora para o próximo curso.

Centraremos a revisión, avaliação e seguimento da programación atendendo ós seguintes aspectos:

-Comprobación dunha correcta planificación e temporalización das unidades didácticas.

-O equipo docente que imparte a materia no mesmo nivel, coordinarase e analizará regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso.

-Realizarase un seguimento trimestral dos resultados da avaliación do alumnado, e en función dos mesmos, estableceranse modificaciós e propostas de mellora naqueles aspectos que se consideren oportunos para mellorar os resultados académicos do alumnado.

## 9. Outros apartados